

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de setembro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas dez minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de setembro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- CONCESIÓN DE AXUDA PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL, CURSO 2021-2022

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria urxente celebrada o día 12 de decembro de 2015, acordou aprobar de xeito definitivo a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal.

Dita Ordenanza foi modificada parcialmente por acordo plenario de data 2 de marzo de 2017.

Segundo.- O apartado 5 da ordenanza en vigor dispón textualmente: *“Anualmente a Xunta de Goberno Local realizará no mes de maio a convocatoria específica para o curso académico iniciado o ano anterior”*.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de maio do corrente, realizou a convocatoria correspondente ao curso 2021-2022. Dita convocatoria foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia núm. 103, correspondente ao día 31 de maio de 2022.

Cuarto.- Durante o prazo establecido, que rematou o día 20 de xuño de 2022, presentouse a seguinte única solicitude:

SOLICITANTE	DNI	NÚM. REXISTRO	DATA	ALUMNO
XIÁN BALDONEDO DACAL	██████████	2022-E-RC-897	03/06/2022	XIÁN BALDONEDO DACAL

Quinto.- Realizada a correspondente fase de instrución por parte dos servizos técnicos municipais, requiríuse ao solicitante, con data 2 de agosto do corrente, a achega de documentación complementaria. Dito requirimento foi atendido en prazo por parte do interesado.

Sexto.- O apartado 8 *in fine* da ordenanza en vigor dispón textualmente: *“A aprobación das axudas efectuarase por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte (...)”*.

Sétimo.- Con data 09/09/22 o Sr. alcalde emite informe sobre a distancia existentes entre o lugar de residencia do solicitante e o núcleo do lugar de Rodeiro, aos efectos de fixar a contía subvencionable segundo o establecido no apartado 6 da ordenanza.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir a solicitude presentada ao cumprir os requisitos formais establecidos na convocatoria.

Segundo.- Outorgar axuda para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal, correspondente ao curso académico 2021-2022 a favor do seguinte solicitante e pola contía máxima que deseguido se sinala:

SOLICITANTE	DNI	DOMICILIO	CONCELLO ESTUDOS	AXUDA MÁXIMA A CONCEDER
XIÁN BALDONEDO DACAL	██████████	Mouriz – Río	Lalín	350,00 €

Terceiro.- Notificar individualmente o presente acordo ao interesado e publicar a axuda concedida no Taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Cuarto.- Requirir ao beneficiario para que presente, no prazo máximo de quince días naturais contados a partires do día seguinte ao da notificación do presente acordo, de non tela presentada con anterioridade, a documentación esixida na Ordenanza para a xustificación da axuda concedida.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA FINAL DO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE RODEIRO PARA O FINANCIAMENTO DA FASE III DA CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE

Con data 4 de outubro de 2018 asinouse o Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Rodeiro para o financiamento das fase III da construción dun edificio polivalente. Con posterioridade asináronse tres addendas nas datas 04/12/19, 14/12/20 e 02/12/21. Nesta última addenda establecíase a seguinte distribución anual da axuda total concedida (200.000,00 €): 2018 (100.000,00 €), 2019 (2.000,00 €), 2020 (0,00 €), 2021 (30.000,00 €) e 2022 (68.000,00 €). Rematada totalmente nesta data a actuación subvencionada, procede a aprobación da conta xustificativa final dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa final da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 200.000,00 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
LÓPEZ Y NOYA ARQUITECTURA URBANISMO S.L.P.	████████	17-2019	10/04/2019	24/04/2019	1.615,35 €
LÓPEZ Y NOYA ARQUITECTURA URBANISMO S.L.P.	████████	49-2020	21/09/2020	25/09/2020	393,25 €
LÓPEZ Y NOYA ARQUITECTURA URBANISMO S.L.P.	████████	57-2021	14/09/2021	20/10/2021	2.420,00 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	21114	09/12/2021	10/12/2021	28.768,45 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	115	10/12/2021	10/12/2021	4.699,92 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	22007	10/02/2022	09/03/2022	60.446,13 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	2212	15/03/2022	23/03/2022	11.934,19 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	2217	15/04/2022	27/04/2022	26.408,62 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	30	17/06/2022	06/07/2022	50.609,99 €
DEPUR GM DISEÑO E OBRA S.L.	████████	31	20/06/2022	07/09/2022	18.053,27 €
LÓPEZ Y NOYA ARQUITECTURA URBANISMO S.L.P.	████████	382022	05/07/2022	03/08/2022	4.114,00 €
PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P.	████████	PXT 22-053	08/07/2022	03/08/2022	4.114,00 €
PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA S.L.P.	████████	PXT 22-054	08/07/2022	03/08/2022	1.415,70 €

- Cantidade xustificada: 214.992,87 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

4.- CONVOCATORIA DE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2022

Por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 31 de agosto do corrente declarouse deserto o procedemento de licitación do contrato de subministro para “Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais”, por mor da ausencia de presentación de ofertas (expediente núm. PASS-SU-1/2022).

O artigo 168 a) 1º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) permite adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación dun anuncio de licitación, entre outros, no seguinte suposto: *“non se teña presentado ningunha oferta”*.

Cumpríndose dita circunstancia no resultado do anterior procedemento de licitación pública do subministro referido, o interese público aconsella a aplicación do procedemento negociado sen publicidade para a adquisición do subministro, ao obxecto de que o Concello dispoña dun equipamento moi necesario para a prestación de diversos servizos públicos de prestación obrigatoria e, ao mesmo tempo, xustificar a subvención concedida pola Xunta de Galicia para dita finalidade, ao abeiro do FCA 2022.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Licitar a adxudicación do subministro denominado *“Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais”* polo procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co previsto no artigo 170 e concordantes da LCSP.

Segundo.- Aplicar a dita licitación a memoria explicativa do subministro e o prego de cláusulas administrativas particulares, asinados pola Alcaldía en datas 08/08/22 e 10/08/22 respectivamente, coas seguintes excepcións:

- a) Exímese aos licitadores da obrigatoriedade de inscrición no ROLECE ou rexistro autonómico correspondente, requisito que para os procedementos abertos simplificados establece o artigo 159.4 a) LCSP. Porén, no suposto de non inscrición, o licitador proposto para a adxudicación do contrato deberá presentar a documentación acreditativa da capacidade de obrar esixida no artigo 84 LCSP.
- b) O prazo de presentación de proposicións será de dez (10) días naturais e o seu cómputo comezará dende o día seguinte á remisión da invitación (artigo 164.2 LCSP), que se corresponderá coa data da posta a disposición da correspondente notificación electrónica na sede electrónica municipal.
- c) A data límite de entrega do subministro (matriculado e rotulado) será o día 28 de outubro de 2022. O criterio de adxudicación de redución do prazo de entrega computarase con referencia a dita data.

Terceiro.- Limitar a participación no procedemento de licitación ás seguintes tres empresas, ás que se lles achegará a correspondente invitación:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF	DOMICILIO SOCIAL
DETROIT MÓBIL S.A.	██████████	VIGO
NIPOCAR GALICIA S.L.U.	██████████	VIGO
LALÍN MÓVIL S.L.	██████████	LALÍN

Cuarto.- A negociación limitarase á aplicación dos criterios de adjudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares e, aos citados efectos, as ofertas que se presenten reputaranse definitivas.

5.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2022-2023 E NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE PAS-O 3/2022)

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Rubén P. Quintá Quintá, alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

6.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

A existencia de horas dispoñibles no SAF, modalidade de libre concorrencia, permite acordar unha nova alta. Segundo a Ordenanza en vigor correspóndelle acceder ao servizo a Dona Luísa González Coego, dado que se atopa incluída asemade na lista de agarda do Programa de Asignación de Recursos (PAR) da Lei de Dependencia.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe-proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 13/09/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Dispoñer a alta na prestación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), modalidade de libre concorrencia, da usuaria que deseguido se relaciona:

NOME E APELIDOS: Luísa González Coego

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar da Torre, parroquia de Guillar

FINANCIAMENTO DO SERVIZO: 0,00 €/hora

7.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO

Con data 2 de setembro do corrente (RE núm. 1438) Don José Albor González, traballador laboral indefinido do Concello coa categoría de peón de servizos diversos, presenta minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2021. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2022, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de setembro de 2022.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS CONTRATACIÓNS LABORAIS AUTORIZADAS CON CARÁCTER DE URXENCIA

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que o Concello autorizou as seguintes contratacións de persoal para as substitucións de traballadoras municipais polos motivos que deseguido se sinalan:

TRABALLADORA CONTRATADOA	DNI	POSTO DE TRABALLO	SERVIZO	PERÍODO DE CONTRATO	MOTIVO
Miriam Hernández Santiago	████████	Coidadora	PAI	16/02/22	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Nerea Carballo Alonso	████████	Coidadora	PAI	24/02/22	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Tania Mª Blanco Pérez	████████	Coidadora	PAI	09/03/22	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Miriam Hernández Santiago	████████	Coidadora	PAI	30/03/22	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Miriam Hernández Santiago	████████	Coidadora	PAI	06/04/22	Permiso laboral de Inés Vence Lamas
Miriam Hernández Santiago	████████	Coidadora	PAI	11-13/04/22	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Esperanza Silva González	████████	Auxiliar	SAF	16/06/22	Permiso laboral de Susana Otero García
Thalía Troitiño González	████████	Coidadora	PAI	28/06/22	Permiso laboral de Raquel Blanco Valladares
Esperanza Silva González	████████	Auxiliar	SAF	26-29/07/22	Vacacións de Susana Otero García
Mónica Fernández Blanco	████████	Auxiliar	SAF	02/09/22	Vacacións de Mª Carmen Diéguez Calvo

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 266,22 € E 61,71 €

Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 22A1194 e 22A1195 (FACe).

- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 479,84 €
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 21564.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,18 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-I2DD-038733 e 28-I2DD-121158 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 386,40 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello no mes de agosto de 2022, s/factura núm. 4003486628 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 85,66 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 85,66 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- NATALIA SALGADO RODRÍGUEZ 79,56 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 39,78 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 552,67 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1135.
- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 38,74 €
Por subministro de diverso material para o programa municipal “O Espertador”, s/factura núm. 20220A00979.

- MANUEL JORGE ALBOR 1.350,03 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 028.

- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de agosto de 2022, s/factura núm. 22580 (FACe).

- CANTERAS DE RICHINOL S.L 2.185,23 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000384 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)